

BASES XXXI GALA DO DEPORTE FERROLÁN

BASE 1.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

Poderán formular propostas de candidaturas a calquera das distincións previstas nestas bases **calquera persoa física ou xurídica con vinculación ao Concello de Ferrol**, así como asociacións, clubs deportivos, federacións, centros educativos, organismos, entidades públicas ou privadas e, en xeral, todas aquelas entidades relacionadas coa actividade física e o deporte no ámbito ferrolán.

Co obxectivo de garantir a correcta tramitación e avaliación das candidaturas, as propostas deberán presentarse **a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol**, por calquera dos medios legalmente establecidos, empregando obrigatoriamente o **modelo normalizado de solicitude** que se incorpora como **Anexo I** ás presentes bases.

As candidaturas deberán ir acompañadas da **documentación e información acreditativa necesaria** que permita ao Xurado valorar axeitadamente os méritos polos que concorren os/as candidatos/as. Dita documentación poderá incluír, entre outros elementos, certificacións oficiais de resultados, informes federativos, historial deportivo, recortes de prensa, recoñecementos previos ou calquera outro documento que xustifique os logros, a traxectoria ou a contribución ao deporte ferrolán.

O **prazo de presentación de candidaturas** será de **quinze (15) días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no **Taboleiro de Anuncios da páxina web do Concello de Ferrol**, sen prexuízo doutros medios de difusión que poidan empregarse para unha maior publicidade da convocatoria.

A presentación dunha candidatura supón a **aceptación íntegra e expresa das presentes bases**, así como do procedemento de valoración e do **ditame do Xurado**, cuxas decisións terán carácter definitivos.

BASE 2.- CRITERIOS XERAIS E CARACTERÍSTICAS DAS CANDIDATURAS ÁS DISTINCIÓNS DA GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE FERROL 2026

1.- Requisitos de vinculación co Concello de Ferrol- Os/as deportistas candidatos/as a calquera das distincións da Gala do Deporte deberán acreditar unha vinculación efectiva e contrastada coa cidade de Ferrol, co obxectivo de garantir que os recoñecementos recaian en persoas que representen e poñan en valor o deporte ferrolán.

Para tal efecto, deberán cumprir, cando menos, **unha das seguintes condicións**:

- Ter nacido no termo municipal de Ferrol.
- Ter recibido a súa formación deportiva, total ou maioritariamente, en clubs, centros educativos ou entidades deportivas con sede no Concello de Ferrol.
- Pertencer, como mínimo, durante as **tres últimas tempadas ou anos consecutivos**, incluída a tempada ou ano obxecto de recoñecemento nesta edición da gala, a algún club, agrupación deportiva ou centro educativo do Concello de Ferrol, comprendendo como período de referencia desde o **ano 2023** ou a **tempada 2022–2023**.

Este criterio garante o recoñecemento a traxectorias directamente ligadas ao tecido deportivo local.

2.- Incompatibilidade de distincións. Co fin de asegurar a equidade, diversidade e adecuada distribución dos recoñecementos, establécese que ningún/ha deportista poderá ser galardoado/a con máis dunha distinción na mesma edición da Gala do Deporte.

Esta limitación ten como finalidade evitar duplicidades, favorecer a visibilización dun maior número de persoas e recoñecer distintas traxectorias e méritos deportivos no ámbito ferrolán.

3.- Modalidades deportivas recoñecidas Para os efectos destas bases, entenderase por modalidade deportiva aquelas oficialmente recoñecidas polo Consejo Superior de Deportes (CSD), de conformidade coa relación vixente de modalidades, especialidades e probas das federacións deportivas españolas.

Non obstante, no caso de modalidades que contén con especialidades diferenciadas e que teñan unha especial relevancia ou implantación no deporte ferrolán, o Xurado poderá acordar a concesión de galardóns específicos para distintas especialidades dentro dunha mesma modalidade deportiva, atendendo ás particularidades da práctica deportiva e ao seu impacto local.

4.– Propostas de candidaturas por clubs e federacións. Co obxecto de garantir unha participación ordenada e representativa do tecido deportivo, establécese que cada club deportivo ou federación poderá presentar un máximo de dous (2) candidatos/as para cada galardón.

Este límite busca facilitar un proceso de selección equilibrado, evitar a concentración excesiva de candidaturas nunha mesma entidade e fomentar a pluralidade e diversidade de propostas.

5.– Potestade do Xurado para a proposta de candidaturas de oficio Sen prexuízo das candidaturas presentadas polos clubs, federacións ou entidades deportivas, o Xurado, en virtude da súa experiencia, coñecemento especializado do deporte ferrolán e da realidade deportiva local, poderá acordar a inclusión de candidatos/as de oficio para calquera dos galardóns previstos nestas bases.

Esta potestade exercerase cando o Xurado considere que determinadas persoas, equipos ou entidades reúnen méritos deportivos, traxectorias relevantes ou unha contribución significativa ao deporte ferrolán que, por razóns excepcionais ou sobrevidas, non fosen formalmente propostas polas entidades correspondentes.

As candidaturas incorporadas de oficio polo Xurado quedarán sometidas aos mesmos criterios de valoración e ao mesmo procedemento de selección que o resto das candidaturas admitidas, sen que esta facultade poida supoñer trato de favor nin prexuízo para as propostas presentadas polas entidades deportivas.

6.– Facultades do Xurado para a solicitude de información. Para unha correcta valoración das candidaturas, o Xurado poderá solicitar ás federacións, clubs ou entidades deportivas toda aquela información complementaria ou documentación acreditativa que considere necesaria, relacionada cos méritos deportivos, traxectoria, resultados ou calquera outro aspecto relevante para a toma de decisións.

7.– Modificación excepcional dos criterios. En casos excepcionais, debidamente motivados e sempre que concorran circunstancias singulares que así o xustifiquen, o Xurado poderá acordar a modificación puntual dalgún dos criterios establecidos nestas bases.

Tal decisión deberá ser adoptada por unanimidade de todos os membros do Xurado, garantindo así o carácter extraordinario da medida.

8.– Posibilidade de declarar desertas as distincións O Xurado conservará a potestade de declarar deserta calquera das distincións previstas cando non se presenten candidaturas ou cando, tras a súa avaliación, considere que as propostas recibidas non reúnen méritos suficientes para acadar o recoñecemento correspondente. Esta previsión garante que os galardóns se concedan unicamente cando existan candidaturas que realmente xustifiquen a súa concesión.

9.– Situación disciplinaria dos/as deportistas candidatos/as. Os/as deportistas candidatos/as a calquera das distincións da Gala do Deporte do Concello de Ferrol deberán non atoparse cumprindo, durante a tempada deportiva obxecto de recoñecemento nin no momento da presentación da candidatura, ningunha sanción firme derivada de infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva que teña sido cualificada como grave ou moi grave.

Para os efectos deste criterio, entenderase por sanción firme aquela que non sexa susceptible de recurso en vía administrativa ou deportiva, ou que, sendo recorrible, non fose impugnada nos prazos legalmente establecidos.

Este requisito responde á necesidade de garantir que as distincións recaian en deportistas que, mais dos seus méritos deportivos, manteñan unha conduta acorde cos valores éticos, de xogo limpio, respecto ás normas e exemplaridade que deben presidir a práctica deportiva e que se consideran inherentes ao recoñecemento institucional outorgado polo Concello de Ferrol.

BASE 3.-TIPOS DE DISTINCIÓNS.

En base o orde de importancia dos galardóns establececese as seguintes categorías:

1.- Distincións aos/ás mellores deportistas por modalidades Estas distincións teñen como finalidade recoñecer o mérito deportivo en cada unha das modalidades deportivas oficialmente recoñecidas, premiando a deportistas ferroláns que durante o ano 2025 ou a tempada 2024/2025 teñan destacado polos seus resultados, rendemento ou traxectoria.

Outorgaranse distincións diferenciadas a deportistas masculinos e femininos, garantindo a igualdade de recoñecemento e visibilización en todas as modalidades, sempre que existan candidaturas con méritos acreditados.

2.- Distincións a Mencións especiais. As Mencións especiais teñen por obxecto recoñecer méritos, traxectorias ou actuacións relevantes que, pola súa singularidade ou transcendencia, merezan un recoñecemento específico no marco da Gala do Deporte, aínda que non se axusten estritamente ás categorías principais.

Inclúense as seguintes modalidades:

a) **Por méritos deportivos:** Dirixida a equipos, deportistas, adestradores/as ou corpos técnicos que durante o ano 2025 ou a tempada 2024/2025 destacasen de maneira notable polos seus resultados deportivos, participacións relevantes ou logros colectivos ou individuais.

b) **Pola promoción, dedicación ou apoio ao deporte.** Dirixida a persoas (ex-deportistas, adestradores/as, directivos/as, colaboradores/as, profesorado, etc.), así como a entidades públicas ou privadas vinculadas ao deporte ferrolán, que teñan desenvolvido unha labor continuada e relevante en prol da promoción, difusión, organización ou apoio da actividade deportiva en calquera dos seus ámbitos.

c) **Mellor club de base,** agrupación deportiva ou centro educativo. Recoñece aquelas entidades ou centros que se distingan especialmente durante o ano 2025 ou a tempada 2024/2025 pola súa aposta polo deporte base, o traballo formativo, a transmisión de valores deportivos e a promoción da práctica deportiva entre a infancia e a mocidade.

d) **Mención especial do Xurado.** O Xurado poderá conceder unha mención especial a calquera persoa, entidade ou feito deportivo que, polo seu carácter excepcional ou relevante, considere merecente de recoñecemento, aínda que non figure expresamente nas categorías anteriores.

3.- Distinción a mellor promesa masculina e feminina. Esta distinción ten como finalidade recoñecer e incentivar o talento deportivo emerxente da cidade, premiando a deportistas **menores de idade** (nados/as no ano 2007 ou posteriores) que durante o ano 2025 ou a tempada 2024/2025 acadaran resultados destacados nas súas respectivas modalidades.

A concesión desta distinción baséase non só nos logros deportivos acadados, senón tamén na traxectoria, progresión, actitude e potencial de futuro dos/as deportistas, entendendo que reúnen as condicións necesarias para consolidarse como referentes deportivos a medio e longo prazo.

Distinguirase expresamente á **mellor promesa masculina** e á **mellor promesa feminina**, co obxectivo de garantir a igualdade de recoñecemento e visibilización do deporte feminino e masculino en idade de formación.

4.- Trofeo Javier Gómez Noya. constitúe unha distinción de carácter honorífico e extraordinario, destinada a recoñecer traxectorias deportivas de excelencia, continuidade e máximo nivel.

Será outorgado a aqueles/as deportistas que resultasen galardoados/as coa **Carabela de Prata** **ante catro anos consecutivos**, ou ben **máis de catro veces nos seis derradeiros anos**, sempre que a súa traxectoria deportiva no ano 2025 xustifique a concesión desta distinción e sempre que existan candidaturas con méritos acreditados.

Este trofeo simboliza a constancia no alto rendemento, a proxección deportiva de máximo nivel e a identificación do/a deportista cos valores de excelencia e superación asociados ao deporte ferrolán.

5.- A Carabela de Prata constitúe a máxima distinción deportiva outorgada polo Concello de Ferrol e ten como obxectivo recoñecer ao/á **mellor deportista ferrolán do ano 2025 ou da tempada 2024/2025**.

Este galardón está destinado a premiar aquelas traxectorias deportivas que, polo seu nivel de excelencia, impacto e relevancia, teñan acadado resultados de especial consideración, tales como títulos oficiais, récords, mellores marcas persoais ou absolutas, participación ou éxitos en competicións de ámbito autonómico, estatal ou internacional, así como a condición de deportista internacional ou seleccións oficiais.

Na valoración das candidaturas teranse en conta, entre outros aspectos, a calidade e importancia dos logros acadados, a progresión deportiva, o nivel das competicións disputadas e a representación do nome da cidade de Ferrol no ámbito deportivo.

Procedemento para a distinción: Unha vez recibidas e validadas todas as propostas de candidatos/as que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases, o Xurado, de entre a totalidade das candidaturas admitidas, seleccionará unha terna composta por tres (3) deportistas, que serán considerados finalistas á devandita distinción.

A elección do/a gañador/a realizarase mediante votación secreta por parte de todos os membros do Xurado, co fin de asegurar a liberdade de criterio e a independencia na toma de decisións. Cada membro do Xurado deberá asignar tres (3), dous (2) e un (1) punto, respectivamente, aos/ás deportistas que integren a terna proposta, non podendo outorgar a mesma puntuación a máis dun/ha candidato/a.

A suma total das puntuacións obtidas por cada deportista determinará a clasificación final, resultando gañador/a da Carabela de Prata aquel/a que acade a maior puntuación global, quedando os/as outros/as dous/dúas deportistas como finalistas da distinción.

O resultado da votación, así como a proclamación do/a deportista galardoado/a e dos/as finalistas, farase público no acto institucional da XXXI Gala do Deporte Ferrolá, constituíndo este evento o marco oficial de entrega e comunicación das distincións

Entregarase un galardón acreditativo aos/as deportistas finalistas da Carabela de Prata, como recoñecemento público aos seus méritos e á súa destacada contribución ao prestixio deportivo da cidade.

BASE 5.- O XURADO

O procedemento de avaliación e proposta de concesión das distintas distincións previstas nas presentes bases corresponderá a un Xurado, órgano colexiado encargado de valorar as candidaturas presentadas e de formular o correspondente ditame, con plena autonomía técnica e de criterio.

4.1.- Composición do Xurado: o Xurado estará composto polos seguintes membros:

- **Presidente/a:** o/a Concelleiro/a delegado/a da área de Deportes do Concello de Ferrol, quen ostentará a presidencia do Xurado e exercerá as funcións de dirección das sesións, garantindo o correcto desenvolvemento dos debates e deliberacións. En caso de empate nas votacións, disporá de voto de calidade.
- **Secretario/a:** un/unha funcionario/a do negociado de Deportes do Concello de Ferrol, designado/a polo/a Presidente/a do Xurado. Corresponderanlle as funcións de recibir, clasificar, ordenar e custodiar a documentación relativa ás candidaturas, así como levantar acta das sesións e acordos adoptados. Actuará con voz pero sen voto.
- **Vogais:** ata un máximo de sete (7) membros, designados/as pola Presidencia do Xurado,

entre os seguintes perfís:

- a) Representantes das seccións de deportes de medios de comunicación escritos, radiofónicos ou dixitais con presenza ou especial vinculación co ámbito deportivo ferrolán.
- b) Técnicos/as de deporte doutras administracións públicas ou persoas de recoñecida traxectoria, prestixio e especial relevancia no ámbito da actividade física e deportiva de Ferrol.

Na designación dos membros do Xurado procurarase o cumprimento do principio de paridade, favorecendo unha composición equilibrada entre mulleres e homes, de acordo cos principios de igualdade e representación equilibrada.

A participación no Xurado terá carácter estritamente honorífico, non dando lugar, en ningún caso, a retribución económica nin a compensación algunha, sen prexuízo das indemnizacións por razón de servizo que, se é o caso, poidan corresponder conforme á normativa vixente.

4.2.– Ditame do Xurado

Unha vez avaliadas as candidaturas conforme aos criterios establecidos nestas bases, o Xurado emitirá un ditame no que se propoñan os galardóns correspondentes, que será publicado no Taboleiro de Anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, sen prexuízo da súa difusión por outros medios institucionais.

BASE 6.– ENTREGA DE GALARDÓNS

Os premios aos/ás mellores deportistas ferroláns do ano 2025 serán entregados de maneira solemne nun acto público institucional, que terá lugar ás 19:00 horas no Auditorio Municipal, durante o mes Marzo de 2026, en data que será comunicada oportunamente polo Concello de Ferrol.

Durante o devandito acto procederase á entrega das correspondentes distincións aos/ás galardoados/as, como recoñecemento público aos seus méritos deportivos, traxectoria e contribución á promoción e prestixio do deporte ferrolán.

A concesión dos galardóns terá carácter exclusivamente honorífico, non comportando dereitos económicos nin administrativos, e terá como finalidade fundamental o recoñecemento institucional, social e simbólico das persoas, equipos e entidades distinguidas.

Anexo I

XXXI GALA DO DEPORTE FERROLÁN

| | | | |
|---|-------------------------------------|---------------------|---------------------|
| ANEXO | PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS | | |
| DATOS DO/A DEPORTISTA | | | |
| NOME E APELIDOS: | | NIF: | |
| DATA DE NACEMENTO: | | LUGAR DE NACEMENTO: | |
| ENDEREZO: | | | CONCELLO: |
| PROVINCIA: | CP.: | TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: |
| PROPOSTA DE DISTINCIÓN PARA | | | |
| PROPOSTA DE DISTINCIÓN: (marcar x segundo corresponda) | | | |

Firmado por : CONCELLO DE FERROL SEUDONIMO - OFICIAL MAIOR - CONCELLO DE FERROL Fecha : 29/01/2026
Cargo : A Oficial Maior
Cod resolucion: 2026000841

Firmado por : CONCELLO DE FERROL RICARDO ALDREY REY - ***5788** Fecha : 27/01/2026
Cargo : Concellería Delegada Especial de Deportes
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 6/2020, de 11 de novembro, de sinatura electrónica.